

**ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**  
**O DÍA 07/11/2022**  
**(Extracto en <https://sede.vilagarcia.gal> - transparencia)**

**PRESIDENTE**

ALBERTO VARELA PAZ

**CONCELLEIROS/AS**

Lista de asistentes

DIEGO GARCIA SANTIAGO  
JOSE MARIA GONZALEZ ARAUJO  
MATILDE LAYA LORENZO  
ARGIMIRO SERÉN MERA  
LINO MOURIÑO SANTIAGO  
LUZ MARIA ABALO PÉREZ

Lista de non asistentes

TANIA GARCÍA SANMARTÍN

**SECRETARIA**

MARIA ROSA LOSADA SUAREZ

**INTERVENTORA**

MONSERRAT CORES VAZQUEZ

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, ás 10:30 horas do día 07/11/2022 reuníronse no Sala de reunións, previa a oportuna citación e en primeira convocatoria, as/os señoras/es membros da Xunta de Goberno Local que á marxe se relacionan, co obxecto de levar a efecto sesión .

Comprobada a presenza de tódolos membros e polo tanto de quórum suficiente, queda constituída a sesión e pasan a tratarse os asuntos incluídos na orde do día.

NÚMERO 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- A Presidencia abriu o acto, e pola súa orde deuse conta da acta da sesión anterior, de data 31 de outubro de 2022, que se aprobou por unanimidade.

**RÉXIME INTERIOR**

**PRP2022/3705**

Dáse conta de informe da Policía Local no que se indica que na Rúa Pepín hai vehículos que se incorporan dende a Rúa da Lomba e efectúan o xiro cara a dereita, polo que circularían en sentido contrario, considerando conveniente realizar sinalización.

A Xunta de Goberno Local acorda que se realice a sinalización da confluencia destas dúas rúas e a maiores tamén a Rúa Alta con Pepín, de xeito que os vehículos que saian por estas dúas rúas sigan o sentido de circulación establecido na Rúa Pepín.

Dar conta á Policía Local e Servizo Municipal de Obras.

**PRP2022/3706**

Vista a proposta da Policía Local, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado pola Empresa DECORO 2016 SL para subministro de placas de identificación policial para os novos membros (14 placas e 14 carteiras), por un importe total de 1.027,82 € (IVE incluído), con cargo á partida 132.22104.

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

**PRP2022/3869**

Vista a proposta do Servizo Municipal de Obras, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado pola Empresa Reformas Trebol SL para a reparación de filtracións de auga no tellado do CEIP Piñeiriño (reparación de limas, cortado de tellas para ampliación das mesmas, limpeza de canlóns do patio traseiro e dianteiro, suxección de tellas soltas, montaxe e desmontaxe de estadas para a correcta execución dos traballos), por un importe total de 3.509,00 € (IVE incluído), con cargo á partida 320.212.

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

**PRP2022/3870**

Vista a proposta do Servizo Municipal de Obras, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado pola Empresa Reformas Trebol SL para a reparación de filtracións de auga no tellado da Escola Municipal de Música (reparación de canlóns da parte traseira do edificio, reparación de baixante da parte dianteira, enriba da cuberta, pintado de teito en parte dianteira do tiro da escaleira e limpeza de limas), por un importe total de 3.448,50 € (IVE incluído), con cargo á partida 3262.212.

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

**PRP2022/3871**

Vista a proposta do Servizo Municipal de Obras en relación coa necesidade de contar co certificado de solidez e seguridade para revisión de escenario modular para o exercicio 2022 e visto o informe da Intervención Municipal, a Xunta de Goberno Local acorda a convalidación de gasto por un importe total de 726,00 € (IVE incluído), a favor de Control e Inspección Reglamentaria SL, con cargo á partida 334.22706.

**PRP2022/3872**

Vista a proposta do Servizo de Vías Públicas, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado pola Empresa Construcciones Metálicas Cuevas SL para a realización de portal para o CEIP Rubiáns (portal practicable 2 follas de aceiro galvanizado de 7500 mm de longo x 1800 mm de alto con malla electrosoldada no seu interior, bisagras laterais e peche, incluído empotrar as dúas columnas de 100x100 no piso), por un importe total de 2.317,41 €(IVE incluído), con cargo á partida 320.212.

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

**PRP2022/3873**

Vista a proposta do Servizo de Vías Públicas, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado pola Empresa Construcciones Metálicas Cuevas SL para a realización de portal para o Colexio Vilar-Bamio (portal practicable 2 follas de aluminio soldado, de medidas 2730mm de longo x 1900 mm de alto con taboas cegas no seu interior, bisagras laterais e pechadura, todo elo soldado e lacado en cor branca, incluído sacar portal antigo e instalación do novo portal), por un importe total de 2.390,52 €(IVE incluído), con cargo á partida 320.212.

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

**PRP2022/3876**

Dáse conta de escrito remitido pola Valedora do Pobo en relación coa queixa dun veciño sobre a situación do vial da Avda. de Vilanova.

Dáse conta de contestación remitida pola Alcaldía na que se fai referencia a que o citado vial é de titularidade da Xunta de Galicia, que é a administración competente para solucionar e executar as melloras que considere oportunas.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

**PRP2022/3878**

Dáse conta do escrito presentado por D. Juan Manuel Fajardo Recouso, en representación do grupo municipal de Vilagarcía en Común solicitando copia do expediente existente no Concello en relación cun verquido urbano de gasoil no entorno da Avda. Doutor Tourón.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda comunicarlle que ten o expediente ao seu

dispor na Concellería de Medio Ambiente (Técnica de Medio Ambiente) para poder examinalo cando considere oportuno.

#### **PRP2022/3768**

Dáse conta de escrito presentado por D. Marcelo Darío García Vázquez solicitando autorización para actuación dun DJ na terraza do local "A Chave" de forma extraordinaria.

Dáse conta de informe da Policía Local.

A Xunta de Goberno Local acorda non conceder a autorización solicitada, dado que a licenza de actividade non autoriza a instalación de equipos de música.

Así mesmo nos últimos tres meses tramitaronse 10 denuncias por incumprimento de horario da terraza.

#### **PRP2022/2089**

Dáse conta da existencia dun erro no acordo da Xunta de Goberno Local de 24 de outubro de 2022, de aprobación do orzamento presentado por Reformas Trebol SL para a reparación de filtracións de auga na Biblioteca de Bamio (lavado e reparación da tela da cuberta. Posterior pintado da cuberta con pintura clorocaucho fibrado, color igual ao existente), figurando no mesmo "por un importe total de 8.333,16 € (IVE incluído)", con cargo á partida 3321.212.

E debendo figurar: por un importe total de 8.338,16 € (IVE incluído), con cargo á partida 3321.212.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda corrixir o erro indicado.

### **BENESTAR SOCIAL**

#### **BENESTAR SOCIAL**

#### **PRP2022/3852**

En base ao informe emitido pola Traballadora Social, a Xunta de Goberno Local acorda Aprobar o RECOÑECEMENTO DA OBRIGA a favor do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, en concepto de aportación do 26,67% do custo do servizo correspondente aos meses de abril, maio e xuño de 2022 do Programa Xantar na casa:

- Total a transferir 3.642,32 €, con cargo á partida 231.22611.

### **EMPREGO**

#### **PRP2022/3859**

En sesión de XGL de data 25 de abril de 2022 (PRP2021/2783), acórdase aprobar a convocatoria das bases de axudas a través de incentivos á contratación temporal por conta allea das persoas participantes nos obradoiros de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia.

En sesión de XGL de 4 de xullo de 2022, acordouse A APROBACIÓN, CON CARÁCTER PROVISIONAL, DAS SOLICITUDES DE SUBVENCIÓN FORMULADAS POLAS EMPRESAS:

- ARAIA SERVICIOS SOCIOSANITARIOS SA, A47326475, por contía de 10.500 €.

- ÓSCAR VÁZQUEZ MIGUÉNS (ELECTRICIDADE). NIF 35450120J, por contía de 1.500 €.

- IMELFA E HIJOS S.L. (ELECTRICIDADE). NIF B94012002, por contía de 1.500 € .

O pago das subvencións condiciónase nas bases reguladoras, á presentación da documentación xustificativa para o pago no prazo, nos termos e no modo establecido na resolución de concesión

Requiridas as empresas solicitantes para que acrediten as contratacións e presentaren a documentación xustificativa establecida nas bases reguladoras, as notificacións resultaron automaticamente rexeitadas, indicando as empresas solicitantes, por vía telefónica, que non procederan a efectuar contratación algunha de alumnos/as do obradoiro de emprego.

Á vista do anterior, a Xunta de Goberno Local acorda deixar sen efecto a retención de crédito acordada no seu día, na partida orzamentaria 2412.470.

#### **PRP2022/3862**

Dáse conta da Conta xustificativa da subvención nominativa concedida a Asoc. Centro Comercial Aberto de Vilagarcía Zona Aberta. CIF: G36256048.

Visto o informe do Departamento de Promoción Económica e o informe de fiscalización do departamento de intervención

A Xunta de Goberno Local acorda o recoñecemento de obriga a favor de ASOCIACIÓN CENTRO COMERCIAL ABERTO DE VILAGARCÍA ZONA ABERTA, CIF G36256048, polo concepto “subvención nominativa para gastos das campañas de fomento do comercio local desenvolvidas pola Asociación de comerciantes Zona Aberta durante o ano 2022”, por importe de QUINCE MIL EUROS (15.000,00 €), con cargo á partida 4311.48002.

#### **PRP2022/3888**

En sesión de Xunta de Goberno Local de 8 de novembro de 2021, adoptouse acordo de aprobación das Bases da convocatoria das axudas para a transformación e modernización dos locais incorporados ao banco municipal así como para a dixitalización das actividades que se desenvolvan nos mesmos, con cargo á aplicación 4311-770 do orzamento para o exercicio 2022, cunha dotación de 20.000 €.

Á data de remate da convocatoria, non se presentou solicitude algunha de axuda dentro do programa de referencia, rematando a súa vixencia o 30 de outubro de 2022.

Tendo en conta o anterior, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a liberación de crédito da devandita partida por contía de 20.000 €, autorizando a súa modificación e transferencia do crédito obxecto de liberación á partida 4311-22645 do orzamento vixente.

## **EDUCACIÓN, SANIDADE E MERCADOS**

### **MERCADOS**

#### **PRP2022/3879**

Dáse conta de escrito presentado por Dona Maria Dolores Santamaría Alejandre, solicitando o cambio de titularidade do posto nº 1 da praza do Peixe, da Praza de Abastos, a favor da súa filla Dona Maria Dolores López Santamaria, por xubilación.

Visto o informe do Xefe de Mercados e de conformidade co disposto no Artº 19 do Regulamento de Mercados, a Xunta de Goberno Local acorda acceder ó solicitado, debendo estar en posesión de toda a documentación que lle acredite para exercer a venda na Praza de Abastos. Unha vez formalizada a solicitude darase de alta no Padrón de Mercados.

## **POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE**

### **CONSUMO**

#### **PRP2022/3860**

Dase conta do escrito presentado con data de rexistro de entrada 16/09/2022, por Dna. Ana María Granja Guillán, no que solicita se proceda ao arranxo da barandilla e a asegurar a suxección dos elementos do parque de maiores, ubicado xunto á igrexa de San Pedro de Cornazo.

Comunicada a citada solicitude ao Encargado do Servizo de Medio Ambiente, este emite informe de data 21/10/2022, no que indica que os traballos se realizarán o máis axiña posible e , en canto á varanda, procederase ao seu arranxo cando a climatoloxía permita soldar os ferros.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda comunicarlle que se procederá a subsanar as deficiencias de conformidade co indicado no informe do Servizo de Medio Ambiente.

## **CULTURA**

### **PRP2022/3863**

Vista a solicitude de D. Anxo Lua Areas, en representación da Asociación Veiñal Outeiro de Sobradelo, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase a colaboración na contratación polo Concello dunha actuación, con cargo á partida 334-22609, con motivo da celebración do Magosto no lugar de Outeiro o vindeiro día 12 de novembro de 2022:

- Actuación do Grupo de Pandereteiras da Asociación Cultural Nós de Sobradelo por un importe de 225,00 €.

Comunicáselle que a factura deberá emitirse a nome do Concello, na que é obrigatorio facer constar o DIR do Concello, que está dispoñible na web municipal.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) así como os permisos necesarios segundo a Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, que puidese corresponder por esta actividade.

### **PRP2022/3866**

A Banda de Música presenta a 22 de setembro de 2022, unha solicitude de aprazamento da xustificación final do convenio asinado co Concello baseándose no seguintes argumentos:

- Aducen un “retraso administrativo” na xustificación “innecesaria” do 50% adiado á sinatura do convenio de colaboración.

- A non resposta sobre si se lles vai a conceder ou non ao 25% de adianto tal e como figura no artigo sétimo do Convenio o que conectan coa imposibilidade de cumprir os prazos fixados para a xustificación.

O departamento de Cultura, a través do Técnico de Xestión Cultural, despois da revisión da información entregada pola Banda para xustificar o 50% e poder solicitar o 25% tal e como figura no convenio de colaboración para 2022, ditaminou que non era necesaria a achega dunha xustificación parcial do 50% adiado á sinatura do referido convenio, e que se podería realizar o 2º pago do 25% coa advertencia de que as anomalías detectadas na xustificación foran resoltas para o prazo de xustificación.

O Convenio para 2022 cumpre co previsto na Lei 40/2015 de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, na que se regula o réxime xurídico dos convenios administrativos.

Así revisado o informe polo servizo de Intervención Municipal, a Xunta de Goberno Local acorda o recoñecemento de obriga do 2º pago, polo 25% do importe total, coa seguinte distribución:

Transferencia para gastos correntes: 6.704,85€.- (SEIS MIL SETECENTOS CATRO CON OITENTA E CINCO EUROS) con cargo á partida 334.48205.

Transferencia para gastos de inversión: 4.862,65€.- (CATRO MIL OITOCENTOS SESENTA E DOUS CON SESENTA E CINCO EUROS) con cargo á partida 334.78000.

Acordase así mesmo aprobar a prórroga do prazo de xustificación (cláusula oitava) ata as 23:59 horas do xoves 15 de decembro de 2022.

## **CONTRATACIÓN**

### **PRP2022/3799**

Dáse conta do expediente de contratación CT 09/2022 tramitado mediante Procedemento Aberto Simplificado, tramitación ordinaria e licitación electrónica para adxudicar as obras incluídas no proxecto denominado "Mellora de firme en vías municipais nas Parroquias de Zamar, Cornazo e Guillán", cofinanciado pola Deputación Provincial de Pontevedra con cargo ao Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022/2023, cun orzamento de licitación de 200.158,86 € (sen IVE) e de 242.192,22 € (IVE incluído), e dos licitadores presentados, seguintes:

NIF: B32404972 ASFALGAL TÉCNICAS VIARIAS, S.L

NIF: B36258861 CONSTRUCCIONES FECHI, SL

NIF: A36008886 CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (COVSA)

NIF: B94101946 GALSUR PROYECTOS Y OBRAS, S.L.U

NIF: B36533537 MOVIMIENTO DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.

NIF: B94106747 VIAS E SERVICIOS COMPOSTELA SL

As ofertas presentadas polos licitadores son as seguintes:

LICITADOR	Oferta económica sen IVE	MELLORA: incremento do prazo de garantía	MELLORA: Marca vial de sinalización sobre calzada: franxa de detención en cruces
VIAS E SERVICIOS COMPOSTELA SL	196195,71	3 ANOS	NO
MOVIMIENTO DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	190831,46	3 ANOS	SI
GALSUR PROYECTOS Y OBRAS, S.L.U	194042,26	3 ANOS	SI
CONSTRUCCIONES FECHI, SL	195595,24	3 ANOS	SI
CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (COVSA)	195355,05	3 ANOS	SI
ASFALGAL TÉCNICAS VIARIAS, S.L	195715,33	3 ANOS	NO

Dáse conta de que a empresa MOVIMIENTO DE ARIDOS E CONSTRUCCIONES DE AROUSA, S.L. cuxa oferta económica está incurso en baixa anormal ou desproporcionada segundo consta no informe emitido polo Enxeñeiro Técnico Industrial Óscar Álvarez González, asinado con data 28 de setembro de 2022, e sendo requirida para xustificar a viabilidade da devandita oferta, non presentou xustificación algunha.

Polo que, a mesa de contratación, propón ao órgano de contratación o rexeitamento da oferta presentada por MOVIMIENTO DE ARIDOS E CONSTRUCCIONES DE AROUSA, S.L. e a súa consecuente exclusión da clasificación das ofertas, por atopase incurso en valores anormais ou desproporcionados.

A mesa de contratación, en aplicación dos criterios de valoración e adxudicación previstos no PCAP, acorda asignar ás ofertas admitidas a seguinte puntuación:

LICITADOR	Oferta económica sen IVE	Puntuación oferta económica	Puntuación mellora: aumento do prazo de garantía	Puntuación mellora: marca vial de sinalización sobre calzada	TOTAL PUNTOS
ASFALGAL TÉCNICAS VIARIAS, S.L.	195.715,33€	14,29	30	0	44,29
CONSTRUCCIONES FECHI, SL	195.595,24€	14,68	30	40	84,68
CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (COVSA)	195.355,05€	15,45	30	40	85,45
GALSUR PROYECTOS Y OBRAS, S.L.U	194.042,26€	19,67	30	40	89,67
VIAS E SERVICIOS COMPOSTELA SL	196.195,71€	12,75	30	0	42,75

Unha vez proposto ao órgano de contratación a exclusión da empresa MOVIMIENTO DE ARIDOS E CONSTRUCCIONES DE AROUSA, S.L.; de conformidade coa avaliación das propostas achegadas polos licitadores, a mesa conclúe a seguinte lista ordenada de maneira decrecente de puntuación de acordo ás puntuacións obtidas polos licitadores nas diferentes fases:

Orde: 1NIF: B36533537 MOVIMIENTO DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L. Proposto para exclusión

Total criterios CJV:

Total criterios CAF: 100

Total puntuación: 100

Orde: 2NIF: B94101946 GALSUR PROYECTOS Y OBRAS, S.L.U. Propuesto para a adxudicación

Total criterios CJV:

Total criterios CAF: 89.67

Total puntuación: 89.67

Orde: 3NIF: A36008886 CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (COVSA)

Total criterios CJV:

Total criterios CAF: 85.45

Total puntuación: 85.45

Orde: 4NIF: B36258861 CONSTRUCCIONES FECHI, SL

Total criterios CJV:

Total criterios CAF: 84.68

Total puntuación: 84.68

Orde: 5NIF: B32404972 ASFALGAL TÉCNICAS VIARIAS, S.L

Total criterios CJV:

Total criterios CAF: 44.29

Total puntuación: 44.29

Orde: 6NIF: B94106747 VIAS E SERVIZOS COMPOSTELA SL

Total criterios CJV:

Total criterios CAF: 42.75

Total puntuación: 42.75

A vista do que antecede, a Xunta de Goberno Local acorda:

1.- A exclusión da licitación da empresa MOVEMENTO DE ARIDOS E CONSTRUCIÓNS DE AROUSA, S.L ao non presentar xustificación algunha sobre a súa baixa anormal ou desproporcionada na que incorría a súa oferta.

2.- A adxudicación do contrato de obra denominado “MELLORA DO FIRME EN VIAIS MUNICIPAIS NAS PARROQUIAS DE ZAMAR, CORNAZO E GUILLÁN”, cofinanciadas pola Excma. Deputación Provincial de Pontevedra con cargo ao Plan Provincial de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022/2023, cun orzamento de licitación de 200.158,86 € (sen IVE), 242.192,22 € (con IVE), á empresa con CIF: B94101946 GALSUR PROXECTOS E OBRAS, S.L.U., de conformidade coa súa oferta, por ser esta oferta a 2ª mellor valorada e, polo tanto, con mellor relación calidade-prezo, en aplicación dos criterios de valoración e adxudicación que rexen a licitación, con cargo á partida 454.61900.

A oferta do licitador é a seguinte:

- Prezo ofertado: 194.042,26 € (sen IVE), ao que corresponde un IVE (21%) de 40.748,87€, o que totaliza un importe de 234.791,13 € (IVE incluído)

- Melloras:

- Mellora: aumento do prazo de garantía.
- Mellora: marca viaria de sinalización sobre calzada.

#### **PRP2022/3864**

Dáse conta do expediente de contratación CT 46/2021 tramitado mediante Procedemento Aberto Simplificado, tramitación ordinaria e licitación electrónica, para adxudicar o contrato de subministración de catro puntos limpos móbiles para o Concello de Vilagarcía de Arousa, cofinanciado pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda dentro da liña de axudas para actuacións en materia de residuos de competencia municipal, cofinanciadas polo Fondo Europeo relativo ao mecanismo de recuperación e resiliencia, con cargo á Unión Europea-NEXT GENERATION, cun orzamento de licitación de 44.600,00 € (sen IVE) e de 53.966,00 € (IVE incluído), e dous únicos licitadores presentados:

- B12019659 Baygar, S.L.

De acordo coa avaliación das propostas achegadas polos licitadores, a mesa conclúe a seguinte lista ordenada de maneira decrecente de puntuación de acordo ás puntuacións obtidas polos licitadores admitidos:

LICITADOR	Oferta IVE excluído	Puntos oferta económica	Mellora:	Mellora:	TOTAL PUNTOS
Baygar, S.L	42.916,00€	30	40	20	90

A mesa de contratación, en aplicación dos criterios de valoración e adxudicación previstos no PCAP, acorda asignar ás ofertas admitidas a seguinte puntuación:

Orde: 1NIF: B12019659 Baygar, S.L. Proposto para a adxudicación

Total criterios CJV:

Total criterios CAF: 90

Total puntuación: 90

Á vista do que antecede a Xunta de Goberno Local acorda a adxudicación do contrato de subministración denominada “SUBMINISTRACIÓN DE CATRO PUNTOS LIMPOS MÓBILES PARA O CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA, COFINANCIADO POLA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA, DENTRO DA LIÑA DE AXUDAS PARA ACTUACIÓN EN MATERIA DE RESIDUOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL, COFINANCIADAS POLO FONDO EUROPEO RELATIVO Ao MECANISMO DE RECUPERACIÓN E RESILIENCIA, CON CARGO Á UNIÓN EUROPEA-NEXT GENERATION”, cun orzamento de licitación de 44.600,00€ (sen IVE) e de 51.807,36€ (IVE incluído) á empresa con CIF: B12019659 Baygar, S.L., de conformidade coa súa oferta, por ser esta a oferta mellor valorada e, por rende, con mellor

relación calidade-prezo, en aplicación dos criterios de valoración e adxudicación que rexen a licitación, con cargo á partida 1720.62300.

A oferta do licitador é a seguinte:

-Prezo ofertado: 42.816,00€ (sin IVA), ao que corresponde un IVE (21%) de 8.991,36€, o que totaliza un importe de 51.807,36€.

-Melloras:

- Mellora: Aumento do prazo de garantía
- Mellora: Redución do prazo de entrega

### **PRP2022/3880**

Dáse conta de publicación no BOPPO de 31 de outubro de anuncio da Deputación Provincial de Pontevedra do extracto do acordo do Pleno da Deputación, polo que se modifican os prazos de execución e xustificación das obras acollidas na liña 1 - Investimentos do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2021.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

### **PRP2022/3881**

Dáse conta de comunicación da Deputación Provincial de Pontevedra da contía por programas do Plan Concellos 2023, correspondendo ao Concello de Vilagarcía de Arousa as seguintes cantidades:

LIÑA DE SUBVENCIÓN	IMPORTE
Programa activación do emprego (Liña 3)	285.948,56 €
Programa amortización débedas con entidades financeiras, acredores de gasto corrente e investimentos e financiamento de gasto corrente derivado da prestación de servizos municipais e/ou da realización de actos culturais, deportivos, sociais, etc (Liña 2)	120.399,39 €

O prazo de presentación das solicitudes para ambos programas será de tres meses a contar dende o día seguinte ao da publicación do extracto da convocatoria no BOPPO.

Dáse conta así mesmo da publicación no BOPPO de data 31 de outubro da publicación do extracto de aprobación das bases reguladoras do Plan Concellos da Deputación Provincial de Pontevedra 2023 (Liña 3) e (Liña 2).

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e que se comunique a tódolos Servizos Municipais aos efectos oportunos.

### **PRP2022/3886**

Dentro das actuacións que se están acometendo por parte do concello de mellora das instalacións deportivas, considérase necesaria a construción dun almacén de material deportivo no campo de fútbol Manuel Jiménez.

Detectouse que os diversos clubs usuarios de campo precisan desta instalación para poder gardar o material que utilizan na súa actividade, protexéndoo da intemperie.

O proxecto redactado polo arquitecto municipal consiste na construción dunha edificación de planta baixa para albergar un modulo de almacéns de amoreamento de material deportivo ó servizo dos clubs usuarios do campo de fútbol, cun orzamento de 44.758,99€ (IVE engadido).

Solicitouse orzamento ás tres empresas seguintes: Construcciones Jacinto Vidal, S.L.; Movimiento de Áridos y Construcciones de Arosa, S.L. e Construcciones Bamio Sur, S.L.

A única que presenta oferta é a mercantil, MOVIMIENTOS DE ÁRIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L. (MARCONSA); a cal, con data de entrada no rexistro deste concello de 3 de novembro de 2022, presenta escrito de desestamento no que xustifica: "Dado el volumen de trabajo que se maneja en este momento en la empresa, nos vemos en la necesidad de desistir de la obra, pues nos es imposible atender la misma en un periodo no menor a seis (6) meses".

Visto o que antecede, solicítase nova oferta á empresa MONCOSA OHS S.A., a cal presenta unha oferta de 36.129,74€ (IVE excluído), que ascende á cantidade de 43.716,99€ (IVE engadido).

O prazo de execución será de 4 mes.

Por todo o exposto, a Xunta de Goberno Local acorda:



1.- Aprobar o proxecto denominado “Almacén de material no campo de fútbol Manuel Jiménez”, redactado polo arquitecto municipal don Xoán Xosé Rodríguez Cuiña, cun importe (IVE engadido) de 44.758,99€.

2.- Adxudicar o contrato de obras de “ALMACÉN DE MATERIAL NO CAMPO DE FUTBOL MANUEL JIMENEZ” á mercantil MONCOSA OHS S.A. (A15050958), por importe de 36.129,74€ (IVE excluído), ao que lle corresponde un IVE (21%) de 7.587,25€ o que totaliza un importe de adxudicación (IVE) engadido de 43.716,99€, con cargo á partida 342.62200.

### PRP2022/3889

Dáse conta do expediente de contratación CT 81/2022 tramitado mediante Procedemento Aberto simplificado e tramitación ordinaria e licitación electrónica, para adxudicar o contrato mixto para a prestación do subministro (mediante aluguer) de elementos luminosos ornamentais e cadros eléctricos, montaxe, mantemento e desmontaxe dos mesmos para as Festas de Nadal 2022/2023 e Festas de Santa Rita e San Roque 2023, así como a distribución en baixa tensión e conxicionado e desconxicionado das orquestras, atraccións, postos, barracas de feira e caravanas de feirantes das Festas de Santa Rita e San Roque 2023, cun orzamento de licitación de 78.512,39€ (sen IVE) e de 94.999,99 € (IVE incluído), e do único licitador presentado:

CIF: B15279359 ILUMINACIONES SANTIAGUESAS, SL

A oferta técnica do licitador presentado con CIF: B15279359 ILUMINACIONES SANTIAGUESAS, SL, e valorada con 15 puntos.

Unha vez aplicados os criterios de valoración previstos no PCAP, a valoración é a seguinte:

LICITADOR	Oferta económica sen IVE	Puntos oferta económica	Puntos Fomento estabilidade no emprego	Puntos: iluminación con tiras LED	Puntos: Adscripción á execución do contrato de nº maior de de profesionais	Puntos: Oferta efectos dinámicos(5 cambio de color e 5 programacións dixitais en iluminación cono Praza Galicia)
ILUMINACIONES SANTIAGUESAS, SL	78.400,00 €	20	20	6 Aplicación criterios valoración PAP (se iluminarán todas as "Boas Imperiais" reflectidas no prego e 10 árbores a maiores do contemplado en dito documento)	10 Aplicación criterios valoración PCAP (comprométese a adscribir 3 oficiais electricistas con carné de instalador e un graduado en enxeñaría industrial ou titulación equivalente)	15

De acordo á avaliación da proposta presentada, a mesa conclúe o seguinte:

Orde: 1NIF: B15279359 ILUMINACIONES SANTIAGUESAS, S.L. Proposto para a adxudicación

Total criterios CJV: 15

Total criterios CAF: 71

Total puntuación: 86

Vista a proposta da Mesa de Contratación, a Xunta de Goberno Local acorda a adxudicación do contrato mixto de Subministro (mediante aluguer) de elementos luminosos ornamentais e cadros eléctricos, montaxe, mantemento e desmontaxe dos mesmos para as festas de Nadal 2022/2023 e festas de Santa Rita e San Roque 2023, así como a distribución en baixa tensión e conxicionado e desconxicionado das orquestras, atraccións, postos, barracas de feira e caravanas de feirantes das festas de Santa Rita e San Roque 2023 cun orzamento de licitación de 95.000,00 € (IVE incluído) á empresa ILUMINACIONES SANTIAGUESAS, S.L (NIF: B15279359) con cargo á partida 338.22799, de conformidade coa súa propia oferta:

-Oferta un prezo de 78.400,00 € (sen IVE) ao que corresponde un IVE de 16.464,00 € o que totaliza un importe de (IVE incluído) de 94.864,00 €.

-O prezo ofertado inclúe unhas melloras consistentes en cinco cambio de cor e cinco variedades de programacións dixitais na iluminación do cono tridimensional a instalar na Praza de Galicia.

-Durante o prazo de execución do contrato, comprométese a manter adscrito á execución do mesmo unha porcentaxe de traballadores indefinidos con respecto ao número total de traballadores da empresa do 87,5%.

- Comprométese a adscribir á execución do contrato os profesionais a maiores dos esixidos como solvencia técnica que se indican a continuación:

Oficial electricista con carné oficial de instalador: 3 persoas

Grao en enxeñaría industrial, enxeñeiro técnico industrial ou titulación equivalente: 1 persoa.

- Iluminación con tiras LED de 24 V da totalidade das boas imperiais contempladas no prego de prescricións técnicas particulares, así como de 10 árbores a maiores dos contemplados no citado prego.

Faise constar que de acordo coa desagregación de festividades contemplado no prego de cláusulas administrativas que rexen a licitación, a facturación do importe total do contrato, unha vez aplicado o coeficiente de baixa ofertado polo licitador (0,1431493806%), deberá realizarse por festividades e distribuído do seguinte modo:

FESTIVIDADE	IMPORTE (sen IVE)	IMPORTE (con IVE)
1ª parte Nadal 2022 (do 2 de decembro ao 11 de decembro de 2022)	16.227,86€	19.635,71 €
2ª parte Nadal 2022, aninovo e reis 2023 (do 12 de decembro de 2022 ó 8 de xaneiro de 2023)	45.438,01€	54.979,99€
Santa Rita 2023	5.501,75€	6.657,12€
San Roque 2023	11.232,38€	13.591,18€
TOTAL	78.400,00€	94.864,00 €

ANUALIDADE	Importe
2022	19.635,71€
2023	75.228,29€

### PRP2022/3890

Dáse conta do expediente de contratación CT 07/2022 tramitado mediante Procedemento Aberto Simplificado, tramitación ordinaria e licitación electrónica, para adxudicar as obras incluídas no proxecto denominado “ Mellora de Camiño na Rúa Maceiras”, cofinanciado pola Consellería de Medio Rural, Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (AGADER), con cargo ao Plan Marco de Mellora de Camiños Municipais de acceso a parcelas agrícolas 2022/2023, cun orzamento de licitación de 49.016,84 € (sen IVE) e de 59.310,38 € (IVE incluído), e dos licitadores presentados, seguintes:

NIF: B36133916 CONSTRUCCIONES CALDEVERGAZO, S.L.

NIF: B36147429 CONSTRUCCIONES E.C. CASAS S.L.

NIF: B36258861 CONSTRUCCIONES FECHI, SL

NIF: A36008886 CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (COVSA)

NIF: B94101946 GALSUR PROYECTOS Y OBRAS, S.L.U

NIF: B36130649 MONTAJES J.M. IGLESIAS, S.L.

NIF: B36533537 MOVIMIENTO DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.

NIF: A15146608 NEMESIO ORDOÑEZ, S.A.

As ofertas presentadas polos licitadores son as seguintes:

Licitador	Oferta económica	Mejora: aumento del plazo de garantía en dos años
CONSTRUCCIONES CALDEVERGAZO, S.L.	41.800,00	SÍ
CONSTRUCCIONES FECHI, SL	44.889,62	SÍ
CONSTRUCCIONES E.C.CASAS S.L.	45.781,73	SÍ
MONTAJES J.M. IGLESIAS,S.L.	47.811,03	SÍ
GALSUR PROYECTOS Y OBRAS, S.L.U	47.546,34	SÍ
MOVIMIENTO DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	46.918,92	SÍ
NEMESIO ORDOÑEZ, S.A.	45.428,81	SÍ
CONSTRUCCIONES, OBRAS Y VIALES, S.A	45.031,77	SÍ

Dacordo ao establecido non Prego de Cláusulas Administrativas as empresas Construcións Caldevergazo S.L., Construcións Fechi, S.L. e Construcións obras e viarias, S.A. incorren en Ofertas Anormalmente Baixas.

A empresa Construcións Fechi, .L., non presentou xustificación dá oferta anormalmente baixa. As Empresas Construcións Obras e Viais, S.A. , e Construcións Caldevergazo, S.L. presentaron xustificación dá oferta anormalmente baixa, emitindo polo técnico que subscribe informes desfavorables as xustificacións presentadas por ambas as empresas, en data 17.10.2022.”

A continuación, unha vez proposta a exclusión da clasificación das licitadores Construcións

Caldevergazo S.L., Construcións Fечи, S.L. e Construcións Obras E Viarias, S.A., procédese á valoración das proposicións admitidas de acordo aos criterios de valoración e adxudicación previstos nos pregos que rexen a licitación e o informe técnico emitido, co resultado seguinte:

LICITADOR	Oferta económica sin IVA	Puntuación oferta económica	Puntuación mejora: aumento del plazo de garantía	TOTAL PUNTOS
CONSTRUCCIONES E.C.CASAS S.L	45.781,73 €	34,07	24	58,07
GALSUR PROYECTOS Y OBRAS, S.L.U.	47.546.34 €	15,49	24	39,49
MONTAJES J.M. IGLESIAS,S.L.:	47.811,03 €	12,70	24	36,7
MOVIMIENTO DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	46.918,92 €	22,09	24	46,09
NEMESIO ORDOÑEZ, S.A.:	45.428,81 €	37,79	24	61,79

Unha vez proposto ao órgano de contratación a exclusión de de as licitadores Construcións Caldevergazo S.L., Construcións Fечи, S.L. e Construcións Obras E Viarias, S.A.; de conformidade coa avaliación das propostas achegadas polos licitadores, a mesa conclúe a seguinte lista ordenada de maneira decrecente de puntuación de acordo ás puntuacións obtidas polos licitadores nas diferentes fases:

Orde: 1NIF: B36133916 CONSTRUCCIONES CALDEVERGAZO, S.L. Propuesto para exclusión

Total criterios CJV:

Total criterios CAF: 100

Total puntuación: 100

Orde: 2NIF: B36258861 CONSTRUCCIONES FECHI, SL. Propuesto para exclusión

Total criterios CJV:

Total criterios CAF: 67.46

Total puntuación: 67.46

Orde: 3NIF: A36008886 CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (COVSA). Propuesto para exclusión

Total criterios CJV:

Total criterios CAF: 65.97

Total puntuación: 65.97

Orde: 4NIF: A15146608 NEMESIO ORDOÑEZ, S.A. Propuesto para la adxudicación

Total criterios CJV:

Total criterios CAF: 61.79

Total puntuación: 61.79

Orde: 5NIF: B36147429 CONSTRUCCIONES E.C.CASAS S.L.

Total criterios CJV:

Total criterios CAF: 58.07

Total puntuación: 58.07

Orde: 6NIF: B36533537 MOVIMIENTO DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.

Total criterios CJV:

Total criterios CAF: 46.09

Total puntuación: 46.09

Orde: 7NIF: B94101946 GALSUR PROYECTOS Y OBRAS, S.L.U

Total criterios CJV:

Total criterios CAF: 39.49

Total puntuación: 39.49

Orde: 8NIF: B36130649 MONTAJES J.M. IGLESIAS,S.L.

Total criterios CJV:

Total criterios CAF: 36.7

Total puntuación: 36.7

A vista do que antecede, a Xunta de Goberno Local acorda:

1.- A exclusión da licitación das empresas Construcións Caldevergazo S.L., e Construcións Obras E Viarias, S.A., de acordo con o informe técnico emitido, ao entender a Mesa de contratación que as baixas en que incorren as súas ofertas supoñen un risco para o cumprimento do contrato; e Construcións Fечи, S.L., ao non presentar xustificación algunha sobre a súa baixa anormal ou desproporcionada na que incorría a súa oferta.

2.- A adxudicación do contrato de obra denominado "MELLORA DE CAMIÑO NA RÚA MACEIRAS", cofinanciadas pola Consellería do Medio Rural, Axencia Galega de

Desenvolvemento Rural (AGADER), con cargo ao Plan Marco de Mellora de Camiños Municipais de acceso a parcelas agrícolas 2022/2023, cun orzamento de licitación de 49.016,84 € (sen IVE), 59.310,38 € (con IVE), á empresa con CIF: A15146608 NEMESIO ORDOÑEZ, S.A., de conformidade coa súa oferta, por ser esta oferta a mellor valorada e, polo tanto, con mellor relación calidade-prezo, en aplicación dos criterios de valoración e adxudicación que rexen a licitación, con cargo á partida 454.61900.

A oferta do licitador é a seguinte:

- Prezo ofertado: 45.428,81 € (sen IVE), ao que corresponde un IVE (21%) de 9.540,05 € o que totaliza un importe de 54.968,86 €, (IVE incluído)

- Melloras:

- Mellora: aumento do prazo de garantía.

## FACENDA, PATRIMONIO E CONTAS

### PRP2022/3882

De conformidade co disposto na base 58ª das BEO prorrogado ao 2022, dase conta á Xunta de Goberno Local dos Informes da Intervención Municipal e da Intervención delegada da Fundación de Deportes, relativos ao Período Medio de Pago (PMP), do Concello de Vilagarcía de Arousa e da Fundación de Deportes, correspondente ao 3º Trimestre 2022 e que comprende as seguintes ratios:

Descrición da Entidade	Ratio Operacions Pendentes de Pago	Importe de Operacions Pendentes de Pago	Ratio de Operacions Pagadas	Importe de Operacions Pagadas	Periodo Medio de Pago da Entidade	Periodo Medio de Pago do Grupo
Concello de Vilagarcía de Arousa	16,20	350.687,76	33,90	4.036.461,09	32,49	32,37
Fundación de Deportes de Vilagarcía	0,00	1.671,14	13,85	24.657,51	12,97	32,37

PME do grupo e das Entidades:

- Período Medio de Pago do Grupo (PMPG) 32,37, atópase fora do límite legal
- PMP da entidade Matriz (PMPEM), 32,49, atópase fora do límite legal
- PMP da entidade Dependente (PMPOA) 12,97 atópase dentro do límite legal

Asemade dase do cumprimento da obriga de súa remisión ao Ministerio de Facenda

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

### PRP2022/3885

De conformidade co disposto na base 56ª das BEO 2022, dase conta á Xunta de Goberno Local que mediante resolución de alcaldía aprobáronse as liñas fundamentais do Orzamento do concello de Vilagarcía de Arousa en termos consolidados, (Entidade+Organismo Autónomo), correspondentes ao exercicio 2023 co seguinte detalle:

INGRESOS

TOTAL CONSOLIDADO		
TOTAL		30.605.724,94€
TOTAL INGRESOS CORRIENTES		30.437.724,94 €
TOTAL INGRESOS FINANCIEROS	NO	30.455.724,94 €
TOTAL INGRESOS DE CAPITAL		18.000,00 €
TOTAL INGRESOS FINANCIEROS		150.000,00 €

GASTOS

TOTAL CONSOLIDADO		
TOTAL		30.422.101,17 €

TOTAL CORRIENTES	GASTOS	26.264.459,22 €
TOTAL	GASTOS NON Fº	29.525.513,74 €
TOTAL GASTOS DE CAPITAL		3.261.054,52 €
TOTAL FINANCIEROS	GASTOS	896.587,43 €

De dita resolución se dará conta igualmente ao Pleno da Corporación, estando o expediente INT/2022/475 dispoñible para a súa consulta no Departamento de Intervención.  
A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

**PRP2022/3887**

De conformidade co disposto na base 57ª das BEO 2022, dase conta á Xunta de Goberno Local do informe da Intervención Municipal de seguimento de execución do Orzamento do Concello de Vilagarcía de Arousa en termos consolidados, (Entidade+Organismo Autónomo), correspondente ao 3º Trimestre 2022, así como da súa remisión o Ministerio de Facenda e Administracións Públicas..

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

E sen máis asuntos que tratar, ás 12:30 levantouse a sesión da que se estende a presente acta e eu, Secretaria, dou fe.